

OllOs

de aula

ANO III - Nº 21 - Maio 2015

Revista para as familias do alumnado

17 cousas que podemos facer pola lingua



L

A avaliación de
3º de primaria

Educar para
a convivencia
social

SAMSUNG

12:59 PM

Se che gusta o cine, acude aos *Cinemas de Galicia*, a rede de salas públicas impulsada pola AGADIC. Podes consultar a programación en <http://ir.gl/dc0f08>




1:33 PM

Tes un fillo ou unha filla que non para co móbil? Anímao/a a que participe no I Concurso de Vídeo con Móbil pola lingua. Infórmate en <http://ir.gl/4bfdd7>



Nas eleccións municipais tamén se xogan cousas importantes para a educación dos nosos fillos/as. Infórmate ben antes de decidir o teu voto.

Rebumbio, a revista dixital sobre o deporte galego. Visita <http://ir.gl/93fb0d> e subscribete!



12:21

Agora que se achega o bo tempo, vai coa familia pasear por un lugar que non coñezan. Fai que se sintan orgullosos/as da súa terra!

Na última semana de maio non perdas o XVI Festival Internacional de Títeres de Redondela. Podes consultar a programación en <http://ir.gl/bf0a53>



SAMSUNG

12:45 PM

A pregunta

Como debe educar a escola para a convivencia social?

Responde: Carmen Díaz Simón

[Orientadora no IES Lucus Augusti (Lugo)]



Entre os alicerces da educación do século XXI, o informe Delors (1998) citaba: **aprender a ser**, para obrar con autonomía, xuízo e responsabilidade persoal, e **aprender a convivir**, a traballar en proxectos comúns e a xestionar os conflitos.

Aprender a ser un mesmo e a convivir é máis fácil se se desenvolve desde a escola a **competencia emocional**, asentada na intelixencia intrapersoal (a capacidade para comprenderse a un mesmo) e a **competencia social** (a capacidade para entender os demais). As dúas apréndense, logo hai que incluílas no currículo escolar, construíndo aceptación, empatía, ensinando habilidades para xestionar a ira, para fomentar a amizade, potenciando actos espontáneos de amabilidade, fomentando o traballo en equipo...

Estas competencias son moi útiles para catro áreas fundamentais da nosa vida:

- 1) Propenden ao noso benestar psicolóxico, base para o desenvolvemento harmónico e equilibrado da nosa personalidade.
- 2) Contribúen á nosa boa saúde física, moderando ou eliminando patróns e/ou hábitos psicossomáticos daniños ou destrutivos, previndo enfermidades producidas por desequilibrios emocionais.
- 3) Favorecen o noso entusiasmo e motivación. Gran parte da nosa motivación en distintas áreas da vida está baseada en estímulos emocionais. Non esquezamos que a toma de decisións está marcada polas nosas emocións.
- 4) Permiten un mellor desenvolvemento das nosas relacións cos demais, na área familiar-afectiva, social e laboral-profesional.



levala de paseo ao
parque para que
poida escorregar
pelo tobogán
dos soños

levala de
compras
para que vexa
escapatates
co cartel de
rebaixas

metela
na male-
ta que nos
leva de viaxe
por todos os
mapas que
soñamos

agasallala
en todas
as datas que
levan dentro
unha ilusión
compartida e
un desexo de
felicidade

alumi-
ñala como
un arrollo
que adurmiña
o naipe que
reposa no
teu colo

po-
ñela ele-
gante para
que desfile
polas mellores
pasarelas

com-
partila
arredor
dunha
mesa
redonda
onde al-
guén fai un
brinde polo
futuro

facela
voar

con-
vidala a
esa festa de
aniversario
onde toda a
familia canta
contenta unha
canción
desafinada

ensi-
náñlela
aos turistas
como a mellor
postal da nosa
terra

lanzala
ao ceo cos
papaventos e
botala ao chan
para que bailen
as buxainas

pe-
dila ao
camareiro

es-
cribila
nas pa-
redes con

usala
cando
namora-
mos como
parvos para
non aburrir-
nos como
ostras

le-

con dragóns
enormes antes de
que Pedro Chosco entre
no cuarto das crianzas
a fechar todos os
ollos

vaia
ao
traballo
a pri-
meira hora
para que se
comporte
puntual e
eficien-
te

para que nos
saiba mellor
o café con
leite

intro-
ducila na
lista para que non
pra para que non
nos esquezan o
azucré e as patacas

17 cousas que podemos facer pola lingua

(o 17 de maio e o
resto do ano)

e, sobre todo,
sacala
fóra cando nos
piden que a gardemos

{AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º DE PRIMARIA}

Xa chegou a proba de avaliación de 3º de primaria que se anunciaba coa LOMCE, unha das medidas estrela na reforma Wert. Celebrárase os días 27 e 28 de maio e avaliará a competencia matemática (cálculo e resolución de problemas) e a competencia lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) en galego e castelán. Non é aínda unha

reválida, posto que os resultados non terán consecuencias académicas (suspensos ou repeticións de curso), pero os datos obtidos serán coñecidos polas familias e o profesorado para que, en palabras da Consellería, "se poidan adoptar as medidas necesarias para mellorar os procesos de aprendizaxe". Con respecto ás avaliacións de diagnóstico que xa se facían nestes anos de atrás, unha gran

diferenza é que coas probas actuais imos coñecer os resultados individuais de cada estudante. Antes obtíñamos datos xerais do rendemento dun centro con respecto á media de Galicia, e sempre a nivel interno; agora a información vai ser moito máis específica e, polo que parece, pública. E estas cousas nunca se sabe como van resultar. A Consellería insiste en que non se van establecer ránkings entre centros. Pero nun tema como a educación, no que todo o mundo ten sempre algo que dicir, pero do que case ninguén fala realmente en serio, a tendencia á conclusión fácil é enorme. E con datos supostamente obxectivos na man, quen vai resistir a tentación?



CADENCIAS

Gracia Santorum


Para pasear

PONTEVEDRA. Non cómpre ningún motivo especial para pasear a cidade de Pontevedra. Só, querer gozar dunha cidade pensada para que o ser humano sexa iso, humano. E é que o modelo de cidade está centrado nas persoas: nada menos que un 66% menos de contaminación procedente de vehículos nos últimos dez anos. De aí que reciba numerosos premios, como o da ONU, Premio Internacional que recoñece as mellores prácticas para mellorar as condicións de vida dos seus habitantes. Ou o da ONG “Centro para o Deseño Activo”, que premia as cidades que promoven os hábitos de vida saudables.



Para ler

Amizades secretas [Agustín Fernández Paz, Ed. Rodeira]. Neste libro podemos comprender mellor como é a vida dos animalaiños, de como senten como nai e pai o mesmo que senten os humanos, de como unha ratiña espelida quere pescudar novos mundos para satisfacer a súa curiosidade... A perspectiva «ratonil» está presente en todo o texto. Pero o autor tamén nos amosa outra perspectiva ben diferente: a dos humanos. Uns humanos que non están dispostos a ter na súa casa ningún tipo de animal nocivo como son ratos, e que fará todo o posible para aniquilalos; aínda que non contan con que a súa filla, que devece por ter mascota, fará todo o posible para salvar esa ratiña que, intúe, será unha grande amiga.



Para saber

A cidade dos nenos [Francesco Tonucci, Ed. Kalandraka]. Se paseamos por Pontevedra, entenderemos este libro. Ou ao revés. Se lemos este libro, entenderemos a cidade de Pontevedra. Un libro no que o autor presenta un compendio de observacións e reflexións sobre a cidade actual para criticar a exclusión dos nenos e nenas da vida social urbana. O autor compara as cidades actuais cos bosques dos nosos contos: lugares temibles onde os nenos non poden ir sós e deben permanecer atentos aos perigos.



Da lingua The Walking Dead (versión enxebre)

Xa está ás portas a festividade do dezasete de maio, día de gloria para as letras galegas, ategado de floridos discursos e sentidas homenaxes, de fondas declaracións de amor cara á nosa cultura e cara ao noso idioma, nun día en que o galeguismo semelle un *virus* que contaxia autoridades políticas e académicas de todo signo e condición, mesmo a aqueles que o resto do ano non gastan un peso en promocionaren a nosa literatura.

Asistiremos nas próximas semanas a un espectáculo tan ben elaborado que pode chegar a confundirnos, facéndonos crer que a literatura galega é xusto *iso* que nos venden desde o poder: unha procesión de mortos vivos procedentes do alén, e que invaden museos e colexios cos seus rostros en branco e negro e a súa mitoloxía adaptada ás circunstancias, pois non convén desvelar as vergoñas dos defuntos. Mais detrás desa fachada de cartón-pedra, desde a CGENDL preguntámonos se resulta útil para a sociedade do século XXI este modelo de celebración onde prima o culto á morte, en troques da promoción da industria cultural contemporánea de Galicia, tan variada e atractiva como calquera

outra do mundo.

Porque a nosa cultura, *a que está a facer xente viva*, xa está farta de tanto zombi. Quere, en cambio, debate, público, mercado, diálogo, promoción, publicidade.... E, sobre todo, outra actitude menos litúrxica e máis activa, para que a creación artística non remate devorada por un andazo de necrofilia.

Ese que nos fai adorar só a aqueles que levan máis de dez anos debaixo dunha lápida.

